



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

**Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes**  
**Sección de Educación, Cultura e Deportes**

**Expediente convocatoria :** 2023000005807

**Expediente:** 2023000020432, 2023000020432 , 2023000020662, 2023000020645

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACEPTA A RENUNCIA DE BRAIS RAMOS PÉREZ, SAMUEL ALVITE PAZO E RAÚL ALVITE PAZO ÁS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2023 - ÁREA DE CIENCIAS, ADXUDICANDO UNHA DAS BOLSAS Á LAURA FERREIRO SANTOS.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

## **ANTECEDENTES**

A resolución número 33945 do 7 de setembro de 2023, aprobou a concesión definitiva das bolsas de investigación 2023 - Área de Ciencias.

No prazo concedido para aceptar a bolsa, Brais Ramos Pérez, Samuel Alvite Pazo e Raúl Alvite Pazo presentaron un escrito renunciando á bolsa, polo que propónse a adxudicación dunha das bolsas á suplente Laura Ferreiro Santos.

Nesta área non hai mais suplentes nin mais candidatos, polo que propónse que as dúas bolsas que quedan desertas distribúanse entre a área de artes e humanidades e a área de ciencias da saúde, por ser as áreas que teñen lista de suplentes, en proporción ao área con máis solicitudes por bolsa, correspondendo unha bolsa a cada área. Os tribunais destas áreas manifestaron a súa conformidade.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

## **RESOLVO:**

**Primeiro.- Aceptar** as renuncias de Brais Ramos Pérez, Samuel Alvite Pazo e Raúl Alvite Pazo

**Segundo.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** LORENZO FOJÓN, CARLA

NIF:\*\*\*9203\*\*

Expediente: 2023000020143

*Obxecto da bolsa: Deseño e Preparación de Novos Sensores Moleculares de uso Medioambiental*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** LAURA FERREIRO SANTOS

NIF: \*\*\*2463\*\*

Expediente: 2023000020645

*Obxecto da bolsa: Producción de bioplásticos a partir de bagazo cervexeiro*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Terceiro.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, para o cal deberán realizarse os seguintes apuntes contables:

- Contabilizar o D/ de anulación na aplicación orzamentaria 0612/3262/481 en cada un dos seguintes expedientes:

- 2023000020432 Brais Ramos Pérez: Documento contable D número 220230041397 (10.000€)
- 2023000020684 Samuel Alvite Pazo: Documento contable D número 220230041395 (10.000€)
- 2023000020662 Raúl Alvite Pazo: Documento contable D 220230041394 (10.000€)

-Contabilizar a adxudicación definitiva (D) da seguinte bolsa da área de ciencias. O gasto imputarase con cargo aos seguintes datos:

- 2023000020645-Laura Ferreiro Santos-Aplicación orzamentaria 0612/3262/481-Documento contable A número 220230007626.

- Una vez efectuadas as anteriores operacións contables, procede deixar o crédito dispoñible por importe de 20.000,00 na aplicación orzamentaria 0612/3262/481, anulando documento contable A 220230007626 e RC 220230004761 por importe de 20.000 €.

**Cuarto.- Publicar** a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.